

PRESIÓNS

Co gallo da denuncia feita por Matar por matar NON, da tala indiscriminada de árbores que está sendo levada a cabo no Aeroporto de Vigo, parece que se iniciou a típica reacción do poderoso, que non acepta que se cuestionen os seus actos, de tentar amedrentar e matar o mensaxeiro.

Seica están molestos pola repercusión do asunto e, lonxe de recapacitar na súa acción, xa enviaron un escrito ó traballo do denunciante acusándoo de supostos insultos que non se especifican.

Non só parece un intento de amedrentar como, ademais, mesturan asuntos privados de un cidadán, coa súa vida laboral. Non hai traballo e aí é onde mais doe.

Son moitos os traballadores do aeroporto que manifestaron a súa solidariedade con esta denuncia, así como a impotencia que senten de ter que calar en moitos outros casos, por medo ó poder do “departamento xurídico”, que AENA xa manifestou que está mobilizando contra o denunciante desta desfeita.

É lamentable que, no día dos feitos, milleiros de pasaxeiros e centos de traballadores, teñan visto o que acontecía sen que houbera ninguén para sinalar que algo estaba errado.

Esa é a proba do temor que existe ó sistema. Algo fallou no silencio masivo e hai que cortar polo san e impedir que o exemplo se estenda.

Non nos vamos sentir intimidados e continuaremos a denunciar os abusos que, agochados no medo xeneralizado, pretendan levar a cabo impunemente.

Os resultados dos seus actos á vista están, non foron os traballadores quen levaron o planeta ós problemas que hoxe nos están afectando. Foi a cobiza dos que queren gañar cartos a calquera custo.

Agardamos que a xustiza, se aí hai que chegar, poña en evidencia, tamén neste asunto, as malas artes de quen non sabe valorar o noso medio ambiente e a nosa riqueza natural.

<http://www.matarpormatarnon.org/>